

ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

* En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

* Non se debe interpretar que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante pechamentos.

4.3. Validacións e correspondencias.

4.3.1. Módulos profesionais que poden ser obxecto de validación coa formación profesional ocupacional.

* Sacrificio e preparación de animais e asistencia na inspección.

* Despezamento e carnizaría.

* Chacinaría.

* Operacións e control de almacén.

* Administración, xestión e comercialización na pequena empresa.

4.3.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

* Sacrificio e preparación de animais e asistencia na inspección.

* Despezamento e carnizaría.

* Chacinaría.

* Operacións e control de almacén.

* Formación en centros de traballo.

* Formación e orientación laboral.

4.4. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse do seguinte xeito:

Horas totais	Denominación dos módulos
1º, 2º e 3º trimestre	
80	Sacrificio e preparación de animais, e asistencia na inspección
215	Despezamento e carnizaría
215	Chacinaría
55	Operacións e control de almacén
110	Hixiene e seguridade na industria alimentaria
80	Tecnoloxía da carne
80	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
55	Formación e orientación laboral
4º trimestre	
440	Formación en centros de traballo

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 70, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 19 de abril de 2005 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado.

O goberno galego, como consecuencia do progresivo incremento da presenza da lingua galega no ámbito da prensa escrita, ten que prestar o seu máis decidido apoio a todas as iniciativas que xurdan neste ámbito, co obxecto de continuar coa política marcada no Estatuto de autonomía e cumprir así o establecido no seu artigo 5.3º, que expresa a necesidade de potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, motivo polo cal se promulgou o Decreto 103/1994, do 21 de abril, no que se establecen as axudas dirixidas a publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado.

Por todo iso, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Poderán solicitar as axudas que son obxecto desta orde as empresas xornalísticas radicadas en Galicia e inscritas no Rexistro Mercantil, que difundan as súas publicacións periódicas escritas integramente en idioma galego normativizado.

Artigo 2º

Para os efectos do disposto no artigo anterior e nos termos establecidos no artigo 3 do Decreto 103/1994, do 21 de abril, entenderanse como publicacións periódicas as que teñan un contido informativo ou de opinión, que se imprimen baixo un mesmo título en serie continua, con numeración correlativa e data de publicación, que apareza con periodicidade fixa e con propósito de permanencia indefinida no tempo.

Artigo 3º

Poden optar a estas subvencións as empresas que editen publicacións que reúnan as seguintes condicións:

a) Que estean escritas integramente en galego normativizado.

b) Que teñan un mínimo de 24 páxinas en formato DIN A-3 ou de 32 páxinas en formato DIN A-4 (ou o equivalente noutros formatos).

c) Que se publiquen periodicamente.

d) Que inclúan o pé de imprenta con todos os datos que estableza a lexislación vixente.

e) Que non se distribúan como suplementos, ou de forma conxunta a outra publicación.

Artigo 4º

Quedan excluídas da concesión de axudas:

a) Os boletíns de información interior ou de institucións.

b) As publicacións de organizacións políticas, empresariais, profesionais, sindicais ou de entidades públicas.

c) As publicacións de difusión total ou maioritariamente gratuítas.

d) As publicacións que se distribúan como suplemento ou de forma conxunta con outra publicación.

e) As publicacións que, estando sometidas ao control da Oficina de Xustificación da Difusión (OXD), non presenten o certificado acreditativo da difusión expedido polo dito organismo.

f) As publicacións que, segundo informe da Dirección Xeral de Política Lingüística, non se publiquen en galego normativizado, segundo establecido no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normas sobre uso e ensino da lingua galega (DOG 20-4-1983) e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

g) As publicacións que non se editaran no ano anterior e non manteñan a súa actividade no momento da concesión da subvención, ou non se comprometan a seguir publicando en galego ata o 31 de decembro de 2005, no caso de ser beneficiarias da axuda.

Artigo 5º

A contía global das axudas non poderá exceder a cantidade de 57.696 euros, e serán concedidas con cargo á partida orzamentaria 04.04.361A.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

O importe das axudas calcularase de acordo cos criterios seguintes:

A) Publicacións con control de difusión pola Oficina de Xustificación da Difusión (OXD).

1. 0,03 euros por exemplar difundido, durante o ano anterior á solicitude.

2. 60 euros por número editado no mesmo período.

B) Publicacións non sometidas a control de difusión (OXD).

1. 100 euros por número editado, durante o ano anterior á solicitude.

Por limitación de crédito, os importes por número editado ou por exemplar difundido citados anteriormente, poderán ser reducidos a criterio da Comisión de Valoración para poder atender, se é o caso, a todas as empresas admitidas.

Os números dobres dunha publicación serán considerados un único número para efectos da subvención.

Artigo 6º

A Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos poderá propoñer excepcionalmente, para os efectos de esgotar o crédito desta convocatoria o outorgamento dunha subvención complementaria para determinadas publicacións en función da súa calidade ou o seu interese social. Tamén poderá outorgar unha parte das axudas por concepto de prestación de asesoría lingüística, a cal se avaliará en función das retribucións establecidas nos orzamentos xerais da comunidade para os funcionarios designados para cada caso.

Artigo 7º

As solicitudes, axustadas ao modelo oficial que se publica como anexo desta orde, dirixiranse o secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Memoria na que se fagan constar os números publicados durante o ano 2004.

2. Testemuño auténtico da escritura de poder, cando o solicitante actúe en representación da persoa física ou xurídica, titular do medio.

3. Certificación da inscrición no Rexistro Mercantil, no caso de que o titular sexa persoa xurídica.

4. Copia do documento nacional de identidade do solicitante ou representante.

5. Certificación de estar ao día nos pagamentos das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

6. Certificación de non ter contraída ningunha débeda coa comunidade autónoma.

7. Declaración do número de exemplares difundidos da publicación de que se trate, durante o período que alude o punto 1, acompañado da documentación que o acredite.

8. Declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que continuará realizando as publicacións en galego ata o 31 de decembro de 2005, no caso de ser beneficiario da axuda.

9. Documentación pola que se acredite, se é o caso, a prestación da asesoría lingüística a particulares, institucións e outras empresas.

10. Os peticionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

Artigo 8º

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, sito no edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela, directamente ou a través dos procedementos establecidos nos artigos 38.4º e 38.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As empresas que presenten solicitudes de axuda para máis dunha publicación deberán acompañar a documentación que se require no artigo 7º desta orde por cada unha das publicacións.

O prazo de presentación das solicitudes será de 40 días naturais a partir do día seguinte á publicación desta orde.

Artigo 9º

As solicitudes que se presenten serán avaliadas por unha comisión composta polas seguintes persoas:

Presidente: o secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

Vicepresidente: o director xeral de Política Lingüística.

Vogais:

-O responsable do Gabinete de Comunicación.

-O subdirector xeral desta secretaría.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Política Lingüística, con categoría non inferior a xefe de servizo.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Política Lingüística nomeado polo director xeral.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

Artigo 10º

A valoración das solicitudes presentadas basearanse nos seguintes criterios:

a) Emprego da lingua galega normativizada.

b) Tiraxe e difusión de exemplares, a súa periodicidade e os números editados da publicación obxecto de avaliación.

Artigo 11º

A comisión poderá solicitar todos os informes que considere necesarios, elevando proposta ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, para que adopte a resolución que proceda. Contra a dita resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición nos prazos estipulados no artigo 117 da Lei 30/1992, citada anteriormente no artigo 8º desta orde, ou acudir directamente a xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses desde a súa notificación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 12º

A concesión ou denegación desta liña de subvencións axustarase aos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No prazo de seis meses desde a data

de publicación desta convocatoria, ditarase resolución expresa, e notificarase a cada unha das empresas ou entidades solicitantes, de non producirse a notificación no referido prazo e de conformidade co artigo 44.1º da citada lei, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

Artigo 13º

Os beneficiarios das subvencións entregarán á Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos e á Dirección Xeral de Política Lingüística dous exemplares de cada número das publicacións subvencionadas.

Artigo 14º

Con independencia da súa contía, e antes de proceder ao seu aboamento, os beneficiarios das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

Así mesmo, no momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes de efectuar o pagamento da axuda o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

O pagamento farase efectivo na súa totalidade unha vez adoptada a resolución a que se refire o artigo 12º e acrediten o cumprimento do estipulado nos artigos 13º e 14º.

Artigo 15º

A vixencia desta orde de axudas extenderase ata o 31 de decembro de 2005.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Nos aspectos non contidos nesta orde, aplicarase, ademais do Decreto 103/1994, do 21 de abril, o disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e Decreto 287/2000, do 21 de novembro que o desenvolve, así como o artigo 41 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segunda.-Facúltase o secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2005.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

Orde do 19 de abril de 2005 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

En cumprimento do disposto no Decreto 96/2004, do 13 de maio, polo que se modifica o Decreto 71/1999, do 18 de marzo, polo que se regulan as axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión e, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Establécense axudas económicas ás empresas xornalísticas radicadas en Galicia e debidamente inscritas no Rexistro Mercantil ou no que corresponda segundo a forma empresarial que adopten.

Para os efectos desta orde entenderase:

a) Por empresas xornalísticas, as que teñan por obxecto da súa actividade, entre outras, a edición e distribución de periódicos diarios co mesmo título e numeración sucesiva, as empresas radiofónicas privadas e aquelas que transmitan a súa actividade informativa diaria a través da internet, vía satélite ou por calquera outro sistema que empregue soportes das novas tecnoloxías da comunicación.

b) Por empresas radicadas en Galicia aquelas que contén cun cadro de persoal estable de polo menos cinco traballadores e que elaboren e difundan toda ou parte da súa produción informativa de forma específica no territorio da comunidade autónoma.

Artigo 2º

Poderán solicitar as axudas obxecto desta orde as empresas que publiquen, ou difundan, informacións, programas, artigos, reportaxes, colaboracións ou seccións orientadas a alentar a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a difusión da súa cultura. Na súa produción informativa deberá ter un especial protagonismo o idioma galego.

Artigo 3º

Quedan excluídos da concesión de axudas:

- a) Os boletíns interiores de institucións.
- b) As publicacións de partidos políticos, asociacións relixiosas ou entidades públicas.
- c) As de distribución gratuíta.
- d) As empresas que emitan a través de sinal de televisión.

Artigo 4º

A contía global das axudas non poderá exceder novecentos un mil cincocentos dezaioito (901.518) euros, e serán concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 04.04.353E.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Cada subvención individualizada non superará o 50% do importe total do orzamento das axudas.

Artigo 5º

As solicitudes, axustadas ao modelo oficial que se publica como anexo desta orde, dirixiranse ao secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

A) Empresas xornalísticas:

1. Memoria na que se faga constar os números publicados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004, número de traballos ou artigos escritos en lingua galega durante o mesmo período e porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

2. Testemuño auténtico da escritura de poder cando o solicitante obre en representación da persoa física ou xurídica titular do medio.

3. Certificación da inscrición no Rexistro Mercantil, ou no do órgano correspondente.

4. Copia do documento nacional de identidade do solicitante ou representante.

5. Copia do pagamento do imposto sobre actividades económicas (IAE).

6. Certificación de estar ao día nos pagamentos das obrigas tributarias e á Seguridade Social.

7. Certificación de non ter contraída ningunha débeda coa comunidade autónoma.

8. Copia autenticada do TC-2 onde se acredite que a empresa teña un cadro de persoal de polo menos 5 traballadores desde o 1 de xaneiro o 31 de decembro de 2004.

9. Declaración do número de exemplares difundidos da publicación de que se trate durante o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004, acompañada da documentación que o acredite. No caso de empresas que emitan a través da internet, presentarán declaración do número de visitas ou consultas efectuadas no período citado anteriormente. Incidirá especialmente na valoración a certificación expedida pola Oficina da Xustificación da Difusión (OXD), coa difusión no período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004.

10. Declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que continuará realizando as publicacións en galego ata o 31 de decembro de 2005 no caso de ser beneficiaria da axuda.

11. Os peticionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

B) Empresas de radiodifusión:

1. Memoria na que se faga constar a programación, especificando qué parte dela se realiza en lingua galega. Este último extremo acreditarase mediante declaración xurada.

2. A que se establece nos números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 11 do punto A deste artigo.